

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 1 DE DICIEMBRE DE 2014.**

=====
=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 1 de decembro de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:08 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTE: D. Rafael Soliño Costas.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS
ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 17 E 24 DE NOVEMBRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 17 e 24 de novembro de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 27 DE NOVEMBRO
DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

* * *

MAIORES

EXPEDIENTE N° 24.915.- A Daniel Del Rio Diz, con enderezo en Teixugueiras 7 portal 1 - 11E - Vigo, para en Chamiceira - Igresario - Hio, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 31,86 m2 de soto, 66,28 de planta baixa, 80,44 de primeiro andar e 33,27 de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico, do arquitecto Alejandro Fernandez Plació, visado con data 26 de setembro de 2.013, e modificado do 1 de xullo de 2.014, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 28 de outubro de 2.014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 6936,03 euros.

EXPEDIENTE N° 25.262.- A Urbano Perez Alvarez e Maria del Carmen Rodríguez Grande, con enderezo en Pi Margal 7 - Io A 36202 Vigo, para en Outeiro - Balea - Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 135,48 m2 de semisoto, 114,60 de planta baixa e 25,88 de terrazas, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Ricardo Salgado Salgado, de outubro de 2.014, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 300,00 euros.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- O tramitado a instancia de TELEFONICA de España S.A., con enderezo en Urzaiz 133 la planta - Vigo, para instalación de poste en Areacova 38 - Aldan, denegase por tratarse de liñas aéreas e estar fora de ordenación por total incompatibilidade co planeamento vixente, que obriga a canalizar a referida liña.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 22.941.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.012.- A Beatriz Herbello, representante de Niño do Sol S.L., con enderezo en Montero Rios 20 5o ED - Cangas, permíteselle a construción de un muro de contención de terras para asegurar o camiño debido a excavación da parcela para a construción da

edificación de 9 apartamentos turísticos, de conformidade coa documentación presentada.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

OBRAS

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE N° 25.271.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RODEIRA 80, reparación de cuberta no referido lugar.

EXPEDIENTE N° 25.286.- GAS GALICIA S.D.G. S.A., canalización en Avda. De Vigo - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.288.- Carlos González Varela, colocación de portal en Igresario 65 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.289.- María del Carmen González Barreiro, cerco lateral en Camiño Vilariño 2 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.290.- Manuel Piñeiro Gómez, cambio de alicatados e pezas sanitarias en cuanto de baño en Cimadevila 2 - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.292.- Elena Fandiño Rodas, reparacións interiores e exteriores en Pedreira 59 - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.293.- VINADENT S.L., acondicionamento de local en Avda. De Bueu 15 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.294.- Guadalupe Rial García, reparación de cuberta en Piñeiro 13 - Darbo.

EXPEDIENTE n° 25.296.- José Lorenzo Gregorio, cerco lateral en Pintens 18 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.298.- Maria del Carmen Rial Cordeiro, cambio material cubricción en edificación auxiliar en San Pedro 16 -Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.301.- Juan Castro Delgado, cerco en Menduiña - Aldan.

EXPEDIENTE N° 25.303.- José Carlos Figueroa Palas, demolición de barandillas, xardiñeiras, soleiras, e retirada de caravanas, cubertas metálicas e outras pequenas edificacións en Rabans - Vilanova - Hio.

EXPEDIENTE S/N. Telefónica S.A.Ü.P., apertura zanza para reparación canalización en Eugenio Sequeiros - Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.784.- Manuela Carbia Souto, cambio titularidade restaurante en Redondela 7 - Cangas.

Cangas, 27 de novembro de 2.014

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

EXPEDIENTE N° 18/2014

PROPOSTA DE RESOLUCION

Resultando que no lugar de Arneles-0 Hio, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: Realizar movementos de terras con cámbeos de rasante a base de muros de contención de manipostería.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Ma Isabel Pérez Millan promotor.

Resultando que, con data 25 de novembro do 2014 a inspección municipal de obras emite informe indicando que "a ampliación da licenza concedida con data 10 de novembro do 2014 para muros de contención, da amparo as obras de muro de contención obxecto do expediente de infracción 18/2014.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no

Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución. í

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o vinte e sete de novembro do dous mil catorce

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL

5.A) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta de resolución do día 28.11.14 da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, referente a concesión de axudas de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Dona Dolores Gallego Santos en calidade de concelleira de sanidade, servizos sociais e muller do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por R. Casás Filiol De Raimond, con DNI 36048068F, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de 665,65 € a R. Casás Filiol De Raimond."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

5.B) PROPOSTA S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta de resolución do día 28.11.14 da concelleira de sanidade, servizos sociais e muller, referente a concesión de axudas de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Dona Dolores Gallego Santos en calidade de Concelleira de sanidade, servizos sociais e muller do limo. Concello de Cangas (Pontevedra)

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por F. Hassi, con NIE X5497656N, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de 670,34 € a F. Hassi. "*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RENOVACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE-2014

6.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Examinada a proposta do día 27.11.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á prórroga para o ano 2014 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé, no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente á renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.

III.- Eusebio Duval Gómez no período citado presentou a súa solicitude de renovación con simultánea transmisión a favor da súa filla Lorena Duval Escudero.

IV.- Sendo observadas deficiencias por resolución de 6 de outubro de 2014, notificada o 10/10/2014 foi requirido, ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que no prazo de dez días subsanase os defectos detectados advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Emendado o defecto detectado unha vez acreditado ter satisfeita a taxa por transmisión, cómpre adoptar o presente acordo estimando a solicitude realizada.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da licenza municipal de venda ambulante do posto do que era titular Eusebio Duval Gómez a favor de Lorena Duval Escudero.

Segundo.- Estimar a solicitude de Eusebio Duval Gómez de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014, con simultánea transmisión a favor de Lorena Duval Escudero.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á prórroga para o ano 2014 das licenzas municipais de venda ambulante.

6.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Examinada a proposta do día 27.11.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á prórroga para o ano 2014 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé, no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello, con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionador.

III.- Alba Jiménez Jiménez, no período citado presentou a súa solicitude de renovación con simultánea transmisión a favor de Sara Giménez Jiménez.

IV.- Sendo observadas deficiencias foi requirida, ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que no prazo de dez días subsanase os defectos detectados advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Emendados os defectos detectados e satisfeita a taxa por transmisión con data 21/11/2014, cómpre adoptar o presente acordo estimando a solicitude realizada.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da licenza municipal de venda ambulante do posto do que era titular Alba Jiménez Jiménez a favor de Sara Giménez Jiménez.

Segundo.- Estimar a solicitude de Alba Jiménez Jiménez de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014, con simultánea transmisión a favor de Sara Giménez Jiménez.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á prórroga para o ano 2014 das licenzas municipais de venda ambulante.

SUBVENCIONS

7º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCION DA ALCALDIA S/SOLICITUDE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA PARTICIPACION NO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2014-2015, FINANCIADO CO FEADER NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2007-2013

RESOLUCION

Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural participar no Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 financiado co FEADER no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

A Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data do 20/11/2014, pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013, figurando en dita publicación que o Concello é un dos beneficiarios cun importe total de 87.309 €, sen IVE a dúas anualidades, correspondente ao 2014, un importe de 41.180 € e 46.129 € á anualidade 2015, encargáse por esta Alcaldía á Oficina Técnica de Urbanismo a redación do proxecto denominado, "Pavimentacións Pínténs e Menguíña", polo importe total 105.644 euros, incluído o IVE.

Polo que RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural participar no Programa de mellora de camiños de titularidade municipal, coa obra denominada "Pavimentacións Pínténs e Menguíña" polo importe total de 105.644 euros IVE incluído, ao amparo da Resolución do 20 de novembro de 2014, polo que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013

a) Pór a disposición da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural libre de cargas e gravámenes todos os terreos necesarios para a normal execución das

obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante as mesmas.

- b) Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa con motivo das obras.
- c) Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación ó órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación, por un prazo mínimo de 5 anos.
- d) Manifestar que existe libre disposición dos terreos necesarios para a execución das obras.

Segundo.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente a asinar a solicitude de axuda e cantos documentos spcan precisos na tramitación total do expediente.

Así o dispoño en Cangas a vinieseis de novembro de dous mil catorce.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE S/RESPOSTA AO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTE AO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO

Visto o escrito remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (R.E. nº 13561 do 24.11.14), en resposta ao acordo desta mesma Xunta de Goberno Local do día 13.10.14. referente a proposta da Alcaldía de comentarios ao borrador de convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, no que se indican unha serie de aclaracións ao referido convenio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, tomar coñecemento do escrito de referencia, remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

9.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 10.11.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA NA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTOS DO PROCEDIMENTO ABREVIADO N° 321/2013

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 27.11.14, referente ao decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, na peza de taxación de custos do procedemento abreviado nº 321/2013, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO EN DATA 10.11.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTOS DO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 321/2013 (X-13/30)

Visto o Decreto ditado o día 10.11.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na peza de taxación de custos do Procedemento Abreviado nº 321/2013, instruído a instancia de Carmen Bernárdez Queimaño, polo que se aproba a taxación de custos por importe de DOUSCENTOS EUROS (200 €), ao pago dos cales foi condenado o Concello de Cangas.

Visto que por Dilixencia de Ordenación do día 24.11.2014 se declarou a firmeza do citado decreto.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto ditado o día 10.11.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na peza de taxación de custos do Procedemento Abreviado nº 321/2013, instruído a instancia de Carmen Bernárdez Queimaño, así como da dilixencia de ordenación que declara a súa firmeza do día 24.11.2014.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de DOUSCENTOS EUROS (200 €), en concepto de custos, con cargo á aplicación 920-22699 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, na peza de taxación de custos do procedemento abreviado nº 321/2013.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN URBANA DA RÚA ANTONIO GARELLY"

Vista a proposta da Alcaldía do día 28.11.14, referente a adxudicación das obras de "RENOVACIÓN URBANA DA RÚA RÚA ANTONIO GARELLY", que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 27.10.2014 aprobose o expediente de contratación da obra 'Renovación urbana da Rúa Antonio Garelly', xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo, procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación deste.

Visto que con data 27.10.2014 se solicitaron ofertas ás seguintes empresas:

- *EXTRACO, S.A.*
- *CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)*
- *CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.*

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou o día 10.11.2014 proposta de adxudicación a favor da mercantil 'EXTRACO, S.A.', con CIF n° A-32002644, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas, coas seguintes especificacións:

- *Melloras ofertadas: reparación e posta en marcha de 3 puntos de control de acceso ao Casco Vello e tarxetas.*
- *Prazo de execución: oito meses.*
- *Prazo de garantía: seis meses.*

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (Rexistro de entrada núm. 13.349 de 18.11.2014) a documentación que se lle requiriu, de conformidade co disposto na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que por Decreto de Alcaldía do 16 de xuño de 2011 delegáronse na Xunta de Goberno as competencias da Alcaldía en materia de contratación.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de

contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, PROPOÑO á Xunta de goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'EXTRACO, S.A.', con CIF n° A-32002644, o contrato da obra 'Mellora de servizos e pavimentación na rúa Antonio Garelly', coas seguintes especificacións da súa oferta:

- Importe de adxudicación: 96.300,60 € (79.587,27 € + 16.713,33 € de IVE).*
- Prazo de execución: 8 meses.*
- Ampliación do prazo de garantía: 6 meses.*
- Melloras ofertadas:*

*o Reparación e posta en marcha de 3 puntos de control de acceso ao Casco Vello (IVE incluído)
.....24.303,08
€*

Segundo.- Dispoñer en contía de NOVENTA E SEIS MIL TRESCENTOS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (96.300,60 €), o gasto que para este concello representa a mencionada contratación con cargo á aplicación 543.619 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'EXTRACO, S.A.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra 'Mellora de servizos e pavimentación na Rúa Pablo Iglesias'.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Subvencións e Apoio Xurídico, así como á directora de obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación das obras de "RENOVACIÓN URBANA DA RÚA RÚA ANTONIO GARELLY".

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NA RÚA PABLO IGLESIAS"

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 27.10.2014 aprobouse o expediente de contratación da obra 'Mellora de servizos e pavimentación na rúa Pablo Iglesias', xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeu a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo. Visto que con data 27.10.2014 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- EXTRACO, S.A.
- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou en data 10.11.2014 proposta de adxudicación a favor da mercantil EXTRACO S.A.. con CIF n.º A-32002644, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas, coas seguintes especificacións:

- Melloras ofertadas: Reparación e posta en marcha de 2 puntos de control de acceso ao Casco Vello e tarxetas.
- Prazo de execución: Oito meses.
- Prazo de garantía: Seis meses.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (Rexistro de entrada núm. 13350 de 18.11.2014) a documentación que se lle requiriu de conformidade co disposto na cláusula 18a do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que por Decreto de Alcaldía de 16 de xuño de 2011 delegáronse na Xunta de Goberno as competencias da Alcaldía en materia de contratación.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, PROPOÑO á Xunta de goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar á empresa EXTRACO S.A., con CIF n.º A-32002644, o contrato de da obra 'Mellora de servizos e pavimentación na rúa Pablo Iglesias', coas seguintes especificacións da súa oferta:

Importe de adxudicación: 197.408,64 € (163.147,64 € + 34.261,00 € de IVE).

- Prazo de execución: 8 meses. Ampliación do prazo de garantía: 6 meses.
- Melloras ofertadas:

o Reparación e posta en marcha de 2 puntos de control de acceso ao Casco Vello (IVE incluído) 13.288,39 €

o Tarxetas (IVE incluído) 3.401,83 €

Segundo.- Dispoñer en contía de 197.408,64 €, o gasto que para este concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 543.619 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a EXTRACO S.A. a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra 'Mellora de servizos e pavimentación na rúa Pablo Iglesias'.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Subvencións e Apoio Xurídico, así como á directora de obra.

Cangas, 28 de novembro de 2014

O ALCALDE

C) DACIÓN DE CONTA DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA SUBVENCIONADA DENOMINADA "REPARACIÓN NO MERCADO MUNICIPAL DE CANGAS"

Da BERTA ALONSO SOTO, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

CERTIFICA: Que por Resolución de Alcaldía de data do 28/11/2014, aprobouse a seguinte CONTA XUSTIFICATIVA, polo importe de 96.300,60 euros correspondente á subvención concedida a este Concello ó amparo da Orde do 12 de marzo de 2014, que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo FEDER no marco operativo Feder Galicia 2007-2013, coa seguinte financiación:

Proxecto	Investimento %	Subvención total
Reparacións no Mercado Municipal	96.300,60	75 % 72.225,45

De conformidade coa documentación que consta no expediente e vista a certificación da Intervención Municipal e o informe da Técnica Municipal de celebración do curso de Merchandising.

Primeiro.- Que a certificación nº 1-final e factura nº 292, polo importe de 96.300,60 euros da obra subvencionada e denominada "Reparacións no mercado municipal- Cangas" Exp IN223A 2014, presentada pola empresa adxudicataria CIVISGLOBAL S.L., con CIF B36684157 foi aprobada por Resolución de Alcaldía de data do 27/11/2014, e pagada o día 28/11/2014, mediante transferencia bancaria, obra financiada pola Consellería de Economía e Industria cunha porcentaxe do 75% do importe de adxudicación e ditos gastos foron aprobados polo órgano competente, procedéndose a súa toma de razón na contabilidade.

Segundo.-Que a acta de recepción da "Reparacións no mercado municipal-Cangas" o fai constar que as obras aparecen ben executadas e é asinada, polo Concello de Cangas, polo Alcalde, D. José Enrique Sotelo Villar e pola directora da obra, Da María Isabel Medraño Fariña e polo contratista adxudicatario, D. Raúl Estévez García, e foi aprobada por Resolución de Alcaldía de data do 27/11/2014.

Terceiro.- Que de conformidade coa documentación que constan no expediente e en particular co informe da directora de obra e arquitecta municipal do Concello de Cangas, María Isabel Medraño Fariña, coa aprobación das certificacións nº 1-final- liquidación,cumpríuse coa finalidade para a cal foi concedida a subvención e os fondos aplicáronse a tal efecto.

Cuarto.- Que o Concello de Cangas realizou o curso de M/ERCHANISING DE VENTAS NA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS, dos días 12 ao 24 de novembro de 2014, impartido pola técnica municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, Da Carmen Fandiño Docío.

E para que así conste, expido a presente co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, e para presentar ante a Consellería de Economía e Industria, en Cangas, a vinteito de novembro de 2014.

D) DACIÓN DE CONTA DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA SUBVENCIONADA MEDIANTE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE CANGAS "REMATE DA CONSTRUCCIÓN DUNA PISCINA MUNICIPAL NO CONCELLO DE CANGAS"

Da BERTA ALONSO SOTO, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

CERTIFICA:

Que co fin de xustificar a anualidade 2014, correspondente ao convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para o remate da construción dunha piscina municipal no Concello de Cangas, asinado en data do 18/12/2013, CERTIFICA:

Primeiro.- Que por Resolución de Alcaldía de data do 28 de novembro de 2014, aprobouse a seguinte CONTA XUTIFICATIVA con cargo ao convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para o remate da construción dunha piscina municipal no Concello de Cangas, asinado en data do 18/12/2013, polo importe total de 450.000,01 euros de conformidade coa certificación da Intervención Municipal, procedeuse a toma de razón na contabilidade do Concello das certificacións presentadas pola empresa adxudicataria UTE PISCINA CUBERTA DE CANGAS, con NIF-36966737, para a execución da obra denominada "Finalización das obras de construción da piscina cuberta municipal do Concello de Cangas", correspondentes á anualidade 2014, de conformidade coa seguinte relación:

Nº

Certificación	Importe	Organo aprobación factura e data	Data de pagamento e forma.
16	10.492,87	Resolución Alcaldía 16/06/2014	19/06/2014
Transferencia bancaria			
17	18.943,01	Resolución Alcaldía 16/06/2014	19/06/2014
Transferencia bancaria			
18	28.207,97	Resolución Alcaldía 26/06/2014 '	27/06/2014
Transferencia bancaria			
19	66.510,89	Resolución Alcaldía 10/07/2014	11/07/2014
Transferencia bancaria			
20	81.467,24	Resolución Alcaldía 16/07/2014	24/07/2014
Transferencia bancaria			
21	66.842,46	Resolución Alcaldía 02/09/2014	04/09/2014
Transferencia bancaria			
22	68.988,63	Resolución Alcaldía 10/10/2014	20/10/2014
Transferencia bancaria			
23	58.100,62	Resolución Alcaldía 28/10/2014	10/11/2014
Transferencia bancaria			
24	27.340,98	Resolución Alcaldía 10/11/2014	13/11/2014
Transferencia bancaria			
25	23.105,33	Resolución Alcaldía 27/11/2014	28/11/2014
Transferencia bancaria			

TOTAL 450.000,01

Segundo.- Que de conformidade coa documentación que consta no expediente cumpríuse coa finalidade do exercicio 2014 para a cal foi concedida a axuda e os fondos aplicáronse a tal efecto.

E para que así conste, expido a presente co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, e para presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en Cangas a vinteseite de novembro de dous mil catorce.

E) DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN E DE SOLICITUDE DE ANTICIPO DE GARANTÍA Á DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA PARA A ACTUACIÓN "REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS"

Recibida a súa solicitude de subvención ao amparo da Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015 cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), DOG num. 149 do 7 de agosto de 2014, financiada cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao 75%, Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, con cargo ao eixe prioritario 2, na medida 21600 "axudas a inversións non produtivas", do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, para a realización de:

Actuación: Reparación da pavimentación da ruta Donón-Cangas
Expediente: PO-2014-13

COMUNÍCOLLE:

Que con data do 25 de novembro de 2014 o secretario xeral técnico por delegación do Conselleiro de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas aproba a dita subvención por un importe total de 19.980,94 € (IVE excluído) e establece as seguintes anualidades e prazos:

O prazo para finalizar os traballos, realizar as transferencias bancarias e notificar o pagamento dos gastos executados ao Servizo de Conservación da Natureza do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente

Territorio e Infraestruturas de Pontevedra remata o 15 de xuño de 2015.

Anualidade do ano 2014.- 8.985,43 €

O prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias e notificar o pagamento dos gastos executados ao Servizo de Conservación da Natureza do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Pontevedra é o 19 de decembro de 2014.

De acordo co artigo 20.1. a) poderase solicitar o aboamento dun único pagamento anticipado (anexo VIII que se xunta), que non poderá superar o 50 % da axuda concedida nin a anualidade prevista no exercicio orzamentario 2014. Deberase solicitar por escrito ante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza nun prazo de 10 días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda. Xunto coa solicitude de anticipo presentarase a garantía escrita do alcalde presidente do 110 % do importe anticipado, se finalizado o prazo de xustificación final da actuación, non tiver dereito ao importe percibido, de acordo coa normativa Feader Regulamento (CE) 1974/2006, modificado polo Regulamento (CE) 363/2009 (xúntase modelo).

No caso de solicitar o anticipo, de acordo co artigo 20.8 da Orde poderase realizar a xustificación do importe anticipado na data establecida para a anualidade 2015 (15 de xuño de 2015) se ben o prazo para finalizar os traballos correspondentes á cantidade anticipada e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 19 de decembro de 2014.

Anualidade do ano 2015.- 10.995,51 €.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente